

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

ORDE do 20 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para as persoas titulares de terreos cinexéticos ordenados destinadas ao fomento da riqueza e xestión dos recursos cinexéticos, e se convocan para o ano 2024 (código de procedemento MT723A).

A superficie cinexética de Galicia comprende máis do 80 % do territorio galego, polo que a caza se constitúe nunha ferramenta fundamental e necesaria no control das poboacións das especies silvestres para acadar un equilibrio ecolóxico e fundamental no normal desenvolvemento dos ecosistemas naturais.

Neste marco, resultan importantes as boas prácticas durante a actividade cinexética, incluída a xestión adecuada dos seus hábitats para o fomento da riqueza cinexética.

A perdiz rubia e o coello de monte son as especies cinexéticas de caza menor tradicionais en Galicia. O progresivo descenso da actividade agrícola no medio rural supuxo o abandono de amplas zonas de cultivo e provocou, entre outras, unha perda da calidade do medio vital para estas especies, que contribuíu así á regresión das poboacións. A isto hai que engadir o azoute da enfermidade hemorráxica vírica e da mixomatose, que provocou a mingua das poboacións de coello de monte.

No territorio da Comunidade Autónoma de Galicia resulta incuestionable a evolución positiva das poboacións de xabaril nestas últimas décadas, motivada en gran medida pola dispoñibilidade dun hábitat favorable para a especie. A proliferación desta especie supón un elemento perturbador importante para certas poboacións de fauna, que contribúe ao detrimento das poboacións de especies de caza menor, como é o caso da perdiz rubia e do coello de monte.

Estudos evidencian a existencia dunha correlación negativa entre a evolución do xabaril e a da caza menor, deixando claro que a compatibilidade de ambas é complicada, de xeito que a xestión cinexética en cada terreo debe ter uns obxectivos claros e realizar os aproveitamentos adecuados para acadalos.

Os poderes públicos deben garantir a compatibilidade dos usos e actividades humanas coa conservación dos recursos naturais por medio do seu uso prudente e racional. Neste

CVE-DOG: nz88ghu2-nku3-kzz2-w8q6-eysm1qxbqde9



sentido, o labor da Administración autonómica, entre outros, é intentar harmonizar as actividades tradicionais e económicas coa conservación e os aproveitamentos sustentables dos recursos.

Partindo da necesidade de que o colectivo de persoas cazadoras se implique na conservación e na xestión dos recursos cinexéticos, e da obriga dos poderes públicos de garantir a compatibilidade dos usos e actividades humanas coa conservación dos recursos naturais, considérase necesario incentivar actuacións racionais no medio natural, para propiciar a recuperación das poboacións de perdiz rubia e coello de monte e a adecuada xestión da práctica da actividade cinexética, en concordancia cun aproveitamento sustentable deste recurso.

O artigo 148.1.11 da Constitución, así como o artigo 27.15 do Estatuto de autonomía de Galicia, confire á nosa comunidade autónoma a competencia exclusiva en materia de caza.

A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda ten atribuída a conservación, protección, uso sustentable, mellora e restauración do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia, segundo o establecido no Decreto 59/2023, do 14 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 79/2023, do 22 de xuño, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, e no Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

O réxime xeral das axudas e subvencións nas administracións públicas establécese nas disposicións básicas da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A nivel regulamentario a norma principal constitúea o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. Esta orde cumpre coas exixencias da citada normativa.

En virtude do anterior, en concordancia co disposto no artigo 27.15 do Estatuto de autonomía e en uso das atribucións que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto e principios*

1. Esta orde ten por obxecto o establecemento dun réxime de axudas destinadas ás persoas titulares de terreos cinexéticos ordenados (tecor) de Galicia, regulados no artigo 13 da Lei 13/2013, do 23 de decembro, de caza de Galicia (código de procedemento MT723A).



2. Estas axudas tramitaranse en réxime de publicidade, transparencia, concorrència competitiva, obxectividade, igualdade e non discriminación, con eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados e eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos. Así mesmo, resultarán de aplicación os preceptos da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 2. Actuacións subvencionables

1. Son actuacións subvencionables destas axudas:

a) Liña de actuacións nos terreos cinexeticamente ordenados coa finalidade de mellora de hábitats cinexéticos mediante a roza e trituración mecánica do mato, pase de grade, a emenda e/ou fertilización e sementeira de cereal e/ou leguminosas, de acordo coas indicacións contidas no anexo II.

b) Liña de actuación para a construción de tobeiras artificiais en terreos cinexeticamente ordenados, de acordo coas indicacións contidas no anexo II.

As actuacións de mellora do hábitat e construción de tobeiras artificiais non poderán afectar os hábitats prioritarios e deberán cumprir o establecido no artigo 60.3 da Lei 7/2012, de montes de Galicia.

2. En ningún caso se subvencionarán actuacións realizadas con anterioridade á publicación desta orde.

3. Non será obxecto de subvención:

a) O imposto sobre o valor engadido (IVE).

b) E todos aqueles gastos que figuran no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia como non subvencionables.

En todo caso, a contía da subvención non poderá ser nunca superior ao custo da actuación subvencionable.

Artigo 3. Entidades beneficiarias e requisitos

1. Poderán acollerse a estas axudas tanto as persoas titulares de terreos cinexéticos ordenados (tecor) de Galicia, regulados no artigo 13 da Lei 13/2013, do 23 de decembro, de caza de Galicia, como as agrupacións destes que, aínda carecendo de personalidade xurídica, fagan unha solicitude conxunta. Neste último caso os terreos cinexéticos deberán



ser lindeiros e estaren situados nunha mesma provincia. Para cada tecor só será admisible unha única solicitude.

2. Non poderán ter a condición de persoas beneficiarias das axudas previstas nesta orde as persoas ou entidades en que se dea algunha das circunstancias previstas no artigo 10.2 e 3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 4. *Contía dos investimentos e das axudas*

1. Establécense as seguintes contías do investimento subvencionable para cada unha das actuacións que se realicen:

a) Investimentos para a roza e trituración mecánica do mato, pase de grade, a emenda e/ou fertilización e sementeira de cereal e/ou leguminosas, en terreos cinexeticamente ordenados:

– Roza e trituración mecánica do mato: 400 euros por hectárea. As rozas realizaranse de forma lineal e/ou irregular, dispersas polo terreo en superficies dun máximo de 1 hectárea.

– Pase de grade, emenda e/ou fertilización, sementeira: 600 euros por hectárea e realizarase en superficies continuas de como máximo 2.000 metros cadrados.

b) Para a construción de tobeiras artificiais en terreos cinexeticamente ordenados o custo subvencionable será dun máximo de 1.500 euros por tobeira.

A porcentaxe da axuda poderá chegar ata o 100 % do custo dos investimentos, fixándose, por solicitude de axuda, ata un máximo de 10.000 euros, para a roza e trituración mecánica do mato, pase de grade, a emenda e/ou fertilización e sementeira de cereal e/ou leguminosas, e ata de 6.000 euros, para a construción de tobeiras artificiais, ata o esgotamento do crédito dispoñible.

2. Se por causa xustificada o importe final dos gastos é menor do que se considerou subvencionable, o pagamento será minorado na porcentaxe que corresponda.

3. Non será causa de incremento da axuda que o importe final dos gastos sexa superior ao tomado en consideración para a concesión desta.

4. A contía das axudas estará condicionada, en todo caso, á existencia de dispoñibilidades orzamentarias.



5. Para os efectos do disposto no artigo 27.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, permitírase a subcontratación total da actividade obxecto da subvención, agás cando, aumentando o custo da actividade subvencionada, non achega valor engadido ao seu contido.

Artigo 5. *Solicitudes*

1. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que sexa realizada a emenda.

Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

As solicitudes dirixiranse á Xefatura Territorial da Vicepresidencia Segunda e Concellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da provincia en que se localicen os terreos cinexéticos.

2. A solicitude de axuda segundo o anexo I desta orde (código de procedemento MT723A) inclúe as seguintes declaracións da persoa solicitante:

a) Declaración do total das solicitudes de axudas solicitadas ou concedidas, para o mesmo fin, das distintas administracións públicas.

b) Declaración sobre a veracidade dos datos contidos na solicitude e documentos achegados.

c) Declaración de conta para a transferencia bancaria.

d) Declaración responsable de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ter pendentes de pagamento débedas coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.



e) Declaración do cumprimento dos requisitos e condicións establecidos na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

f) Declaración do cumprimento dos requisitos e condicións establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 6. *Documentación complementaria*

1. Xunto coa solicitude de axuda (anexo I desta orde, código de procedemento MT723A) presentárase a seguinte documentación:

a) Acordos dos órganos competentes das entidades solicitantes polos cales se aproban as accións solicitadas e os compromisos correspondentes, en que deberá figurar, así mesmo, a persoa designada como representante daquelas para os efectos da solicitude.

b) No caso de agrupacións de persoas titulares, anexo III (relación de titulares de tecores que solicitan as axudas) e acordos dos órganos respectivos competentes polos que se aproban as accións solicitadas e os compromisos correspondentes, nos cales deberá encontrarse o de non disolver a agrupación ata que remate o prazo previsto nos artigos 35 e 63 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, con indicación da porcentaxe de subvención e do compromiso de execución correspondente a cada unha delas. Así mesmo, debe figurar o nome da persoa designada como representante delas para os efectos desta solicitude, e anexarase o nome da titular en cuxa conta bancaria se deberá realizar o ingreso.

c) Cando se actúe en nome dunha persoa xurídica deberase acreditar a representación con que se actúa e, ademais, o acordo dos partícipes para solicitar a subvención.

No caso da persoa representante, e de acordo co artigo 5.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, deberá acreditar esa representación mediante algún dos seguintes medios de acreditación:

– Por calquera medio válido en dereito que deixe constancia fidedigna (poder notarial, representación legal, copia de escrituras ou poder onde se acredite a representación legal...).

– Mediante apoderamento *apud acta* efectuado por comparecencia persoal ou comparecencia electrónica na correspondente sede electrónica, ou a través da acreditación da súa inscrición no rexistro electrónico de apoderamentos da Administración pública competente.

CVE-DOG: nz88ghu2-nku3-kzz2-w8q6-eysm1qxbqde9



d) Memoria valorada, que se axeite ás indicacións do anexo II e que deberá incluír como mínimo: datos da/das persoa/s solicitante/s; datos dos terreos cinexéticos en que se localizarán as actuacións; descrición da problemática actual do terreo cinexético en relación coa/s especie/s, xustificando a adopción das medidas propostas; descrición das actuacións que se van realizar con indicación das datas previstas, a maquinaria e man de obra que se vai empregar, orzamento detallado; orzamento total; plano de situación 1:25.000 e fotografía do Sixpac ou planos catastrais en que se identifiquen perfectamente as parcelas sobre as cales se actuará mediante as referencias catastrais. Sobre estes planos e fotografías deberán marcarse as parcelas en que se vai actuar. Haberá que incluír, ademais, unha descrición das tobeiras.

e) Declaración responsable da dispoñibilidade dos terreos para a realización das actuacións segundo o modelo do anexo IV.

De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non será necesario achegar os documentos que xa foron presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán recadados electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non se poden obter os citados documentos, poderá solicitarse novamente á persoa interesada a súa achega.

2. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que sexa realizada a emenda.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

CVE-DOG: nz88ghu2-nku3-kzz2-w8q6-eysm1qxbqde9



3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

4. No caso de que algún dos documentos que se presente de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no número anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 7. *Trámites administrativos posteriores á presentación da solicitude*

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar tras a presentación da solicitude deberán ser efectuados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 8. *Comprobación datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- a) DNI/NIE da persoa representante (se for o caso).
- b) NIF da entidade solicitante.
- c) NIF da entidade representante.
- d) Estar ao día no pagamento de obrigas tributarias (AEAT).
- e) Estar ao día no pagamento coa Seguridade Social.
- f) Estar ao día no pagamento das débedas coa Administración pública da Comunidade Autónoma.
- g) Autorización do Servizo de Montes consonte o establecido no artigo 60.3 da Lei 7/2012, de montes de Galicia, só cando se pretenda o cambio de actividade forestal a agrícola co fin de mellorar o hábitat das especies cinexéticas.
- h) Consulta de inhabilitacións para obter subvencións e axudas.



i) Consulta de subvencións e axudas.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario correspondente e achegar os documentos.

Cando así o exixa a normativa aplicable solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 9. *Transparencia e bo goberno*

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, a que estean vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

Artigo 10. *Notificación*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos efectuaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas efectuaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación efectuada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

CVE-DOG: nz88ghu2-nku3-kzz2-w8q6-eysm1qxbqde9



3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderán de oficio crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos efectuarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 11. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación das solicitudes de axuda será dun mes a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no DOG.

Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación da orde no *Diario Oficial de Galicia*. Se o último día do prazo é inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte, e se no mes de vencemento non hai día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

Artigo 12. *Criterios obxectivos para a concesión das axudas*

Criterios de puntuación:

Criterios de avaliación das actividades subvencionables	Puntos	
Superficie do tecor ou agrupacións de tecores	1 punto por cada 2.000 ha ata un máximo de 20 puntos	
Agrupacións de tecores que fagan unha solicitude conxunta	10 puntos	
Densidade (D) de capturas de xabaril (xb) no tecor ou agrupacións de tecores:	D= 0,1 a 0,5 xb/km ²	1 punto
	D= 0,6 a 1 xb/km ²	2 puntos
	D= >1 xb/km ²	5 puntos
Por investimento subvencionable solicitado	0,25 puntos por cada 1.000 € ata un máximo de 4 puntos	



En caso de igualdade na puntuación obtida entre dúas solicitudes, esta resolverase tendo en conta primeiro a demais superficie de tecor ou agrupación de tecores e, de persistir a igualdade, o empate dirimirase segundo a orde de rexistro de entrada das solicitudes.

Artigo 13. *Tramitación*

1. As solicitudes remitiranse á Xefatura Territorial da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da provincia en que se localicen os terreos cinexéticos.

2. Os servizos de Patrimonio Natural da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda comprobarán que as solicitudes cumpren cos requisitos exixidos e que se xuntan os documentos sinalados.

3. No caso de que sexan detectados erros ou omisións, requirirase a persoa interesada para que, no prazo de dez (10) días hábiles contados desde o seguinte ao de recepción do requirimento, emende ou complete a solicitude, coa indicación de que, se non o fai así, se terá por desistido da súa petición logo de resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

4. Por tratarse dun procedemento de concorrencia competitiva, de conformidade co establecido nos artigos 42, 43, 45 e 46 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os citados requirimentos de emenda poderanse facer, ben a través de notificación individualizada, ben mediante publicación no *Diario Oficial de Galicia* ou na páxina web da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a cal producirá os mesmos efectos que a devandita notificación.

5. Sen prexuízo do disposto no número 2, en calquera fase do procedemento anterior á proposta de resolución poderáselle requirir á persoa solicitante que achegue a información e documentación complementaria que se considere conveniente para a correcta definición, avaliación e comprobación da solicitude presentada.

6. En todas as solicitudes de actuacións consideradas subvencionables, o Servizo de Patrimonio Natural que lle corresponda en función do territorio, realizará unha inspección previa, na cal se observará se a acción ou proxecto se axusta á realidade física e económica e que cumpre cos requisitos exixidos no anexo II da orde. Así mesmo, certificarase que

CVE-DOG: nz88ghu2-nku3-kzz2-w8q6-eysm1qxbqde9



os investimentos non están realizados con data anterior á da publicación desta orde. No caso de que as actuacións se atopen dentro da Rede Natura 2000, os servizos provinciais de Patrimonio Natural, da correspondente xefatura territorial de oficio emitirán un informe en que se analice a compatibilidade da actuación cos espazos da Rede Natura 2000.

Así mesmo, o Servizo de Patrimonio Natural que lle corresponda en función do territorio, comprobará a realización efectiva das actuacións obxecto da subvención e o cumprimento da finalidade, e asistirá tecnicamente ás adxudicatarias das axudas, todo iso de conformidade co establecido no artigo 30.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

7. Examinadas as solicitudes e a documentación presentada, os servizos de Patrimonio Natural enviarán os expedientes completos, xunto cun informe administrativo sobre o cumprimento dos requisitos sinalados nesta orde. Posteriormente procederá á súa baremación conxunta na Subdirección Xeral de Biodiversidade e de Recursos Cinexéticos e Piscícolas unha comisión, que establecerá a prelación das persoas solicitantes para obter a condición final de persoa beneficiaria ata o esgotamento do crédito orzamentario.

A Comisión de Valoración estará presidida pola persoa titular da Subdirección Xeral de Biodiversidade e Recursos Cinexéticos e Piscícolas, ou persoa en quen delegue. Ademais, integrarán a comisión as persoas titulares da xefatura de servizo de Caza e Pesca Fluvial e da Área de Caza e Pesca nos servizos centrais. Esta última exercerá as funcións de secretaría.

A Subdirección Xeral de Biodiversidade e de Recursos Cinexéticos e Piscícolas, como órgano instrutor, realizará as propostas de resolución das solicitudes realizadas á Dirección Xeral de Patrimonio Natural ata esgotar o crédito consignado para o efecto.

8. Na composición da Comisión de Valoración atenderase ao principio de presenza equilibrada entre homes e mulleres.

Artigo 14. *Resolución e recursos*

1. De conformidade co establecido no artigo 7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a competencia para a concesión das axudas reguladas nesta orde corresponde á persoa titular da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. A resolución que poña fin ao procedemento será motivada con suxeición ao establecido nas bases reguladoras desta orde.

CVE-DOG: nz88ghu2-nku3-kzz2-w8q6-eysm1qxbqde9



2. O prazo máximo para resolver será de tres meses desde que se esgote o prazo de presentación de solicitudes. Transcorrido o prazo sen que se ditase resolución expresa, as persoas solicitantes poderán entender desestimada a súa solicitude, nos termos previstos no artigo 25 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e no artigo 23.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. A resolución ditada, segundo o disposto no número 1 deste artigo, poñerá fin á vía administrativa e contra ela poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, no prazo de un mes a partir da notificación da resolución, ou ben impugnala directamente ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses se a resolución fose expresa, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Artigo 15. *Aceptación da axuda concedida*

O outorgamento da subvención debe ser aceptado pola beneficiaria no prazo máximo de dez (10) días desde a súa notificación, coas condicións específicas recollidas nesta orde. No caso de que a persoa beneficiaria non comunique a súa aceptación dentro do prazo indicado, considerarase que se entende tacitamente aceptada a axuda concedida.

Artigo 16. *Compatibilidade*

As axudas previstas nesta orde serán compatibles con outras subvencións de calquera outra Administración pública para a mesma finalidade, sempre e cando a suma das subvencións concedidas non supere o importe total dos gastos conforme o establecido no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 17. *Rexistro Público de Subvencións*

1. A concesión das axudas reguladas nesta orde, será obxecto de inscrición no Rexistro Público de Axudas, Subvencións, Convenios e de Sancións dependente da Consellería de Facenda e Administración Pública, co fin da ordenación e coñecemento da actividade subvencionada en Galicia.

2. A solicitude para ser persoa beneficiaria de axudas incluídas nesta orde levará implícita a autorización, no suposto de que se lle conceda a axuda solicitada, para a inscrición, no Rexistro Público de Axudas, Subvencións, Convenios e de Sancións dependente da



Consellería de Facenda e Administración Pública, dos datos facilitados á Xunta de Galicia na solicitude. Non obstante, as persoas solicitantes poderán denegar expresamente o seu consentimento á inscrición dos seus datos no Rexistro Público de Subvencións cando concorra algunha das circunstancias previstas na alínea d) do número 2 do artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto da convocatoria e a información requirida no ordinal oitavo do devandito artigo será comunicado á Base de datos nacional de subvencións (BDNS). A BDNS dará traslado ao *Diario Oficial de Galicia* do extracto da convocatoria para a súa publicación.

Artigo 18. *Modificación das actividades subvencionadas*

Calquera modificación que se pretenda realizar nas actividades aprobadas, tanto no referente ao orzamento aprobado como ás distintas partidas que o compoñen, requirirá a aceptación expresa e previa da persoa titular da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, por delegación da persoa titular da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. Para tal efecto, realizarase unha proposta de modificación xustificada, que se deberá presentar con quince (15) días hábiles de anticipación á súa realización.

Artigo 19. *Obrigas das persoas beneficiarias*

1. As obras obxecto de subvención deberán contar no momento do seu comezo coas licenzas e autorizacións preceptivas, se estas foren necesarias, e será responsabilidade da persoa beneficiaria a obtención das ditas licenzas e autorizacións, sen que a Administración autonómica asuma ningunha responsabilidade ao respecto.

2. A aprobación da subvención implicará o compromiso das persoas solicitantes de executar as accións indicadas nas condicións propostas. A execución das actividades obxecto de axuda deberá realizarse na extensión e coas condicións técnicas recollidas na memoria e, en todo caso, axustarse aos termos recollidos na resolución.

3. A finalidade ou función da actividade ou obra deberase manter durante un prazo mínimo de 5 anos, de conformidade co establecido no artigo 29.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. As beneficiarias deberán conservar polo menos durante 5 anos os documentos acreditativos da aplicación dos fondos recibidos, segundo o artigo 11.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

CVE-DOG: nz88ghu2-nku3-kzz2-w8q6-eysm1qxbqde9



Artigo 20. Xustificación dos gastos

1. Con carácter xeral, o prazo para xustificar o remate das actividades e o pagamento dos conceptos correspondentes a elas finalizará o día 11 de outubro de 2024.

Ao abeiro do establecido no artigo 45.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o órgano concedente poderá outorgar, unha ampliación do prazo establecido para a presentación da xustificación, por petición xustificada da interesada realizada antes da finalización do prazo establecido para a presentación da xustificación, que non exceda a metade deste e sempre que con iso non se prexudiquen dereitos de terceiros.

2. Para a xustificación do investimento obxecto de axuda, a beneficiaria deberá presentar a seguinte documentación:

a) Solicitude de pagamento segundo o anexo V.

b) Declaración responsable do conxunto das axudas solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución, para esta mesma finalidade, das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes. Esta declaración axustarase ao modelo do anexo VII.

c) Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, así como acreditar, de ser o caso, o disposto no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Esta memoria axustarase ao modelo do anexo VI.

d) Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data de pagamento, segundo o modelo do anexo VI.

e) Xustificantes do investimento, copia das facturas correspondentes aos investimentos subvencionados, emitidas dentro do período comprendido entre a data de inicio e a data límite de xustificación.

f) Xustificantes do pagamento, copias das facturas xunto cos extractos de contas ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados e asinados pola beneficiaria, de xeito que quede acreditada a efectiva realización dos pagamentos.

CVE-DOG: nz88ghu2-nku3-kzz2-w8q6-eysm1qxbqde9



g) Documentación xustificativa de cumprir co requisito establecido no artigo 6, número 1, alínea e).

h) Documentación xustificativa de cumprir coas obrigas das persoas beneficiarias establecidas no artigo 19, número 1.

3. Os servizos de Patrimonio Natural comprobarán a documentación e engadirán as certificacións sobre o grao de execución das actividades subvencionadas e sobre a adecuación destas ao anexo II e á documentación que serviu de base para o outorgamento da axuda.

4. Vista a certificación final das obras coa documentación presentada, a Dirección Xeral de Patrimonio Natural fará, de ser o caso, proposta de pagamento da subvención concedida.

Artigo 21. *Pagamento*

1. O pagamento corresponderase co importe da subvención aprobada. Excepcionalmente, por resolución da persoa titular da Dirección Xeral, poderá subvencionarse só unha parte dos gastos aprobados sempre que se xustifique documentalmente o motivo de non ter realizado o total do gasto, que a parte executada constitúa unha unidade operativa independente e sempre que se manteñan as condicións recollidas no anexo II. Neste caso, aplicarase a correspondente minoración.

2. Poderase realizar un primeiro pagamento do 50 % da contía da subvención concedida, en concepto de pagamento anticipado, de acordo co establecido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que se fará efectivo unha vez realizada a notificación da subvención.

De ser o caso, a persoa beneficiaria deberá solicitar por escrito ante a Dirección Xeral de Patrimonio Natural, segundo o modelo do anexo VIII, nun prazo de 10 días contados desde o seguinte ao de notificación da resolución de concesión da axuda, o aboamento dun único pagamento anticipado, que non poderá superar o 50 % da axuda concedida, que contén unha declaración responsable do conxunto das axudas solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución, para esta mesma finalidade, das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes. A concesión do anticipo farase mediante resolución motivada.

Exímense as persoas beneficiarias da obriga de constituír garantías segundo o establecido no artigo 65.4, alínea i), do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que regula a Lei de subvencións de Galicia.



3. Non poderá realizarse o pagamento da subvención mentres a beneficiaria non se encontre ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e teña pendente de pagamento algunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma ou sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro, de acordo co disposto no artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 22. *Crédito*

1. Esta convocatoria de axudas tramítase de acordo co establecido no artigo 25 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no cal se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto. Por iso a súa eficacia queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente, nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o próximo ano 2024, no momento da resolución.

2. As axudas concedidas ao abeiro desta orde serán financiadas pola Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda con cargo á aplicación orzamentaria 06.03.541.B.781.0, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024. O importe asignado é de douscentos sesenta e catro mil euros (264.000 €), de acordo co seguinte:

a) Liña de actuacións nos terreos cinexeticamente ordenados coa finalidade de mellora de hábitats cinexéticos mediante a roza e trituración mecánica do mato, pase de grade, a emenda e/ou fertilización e sementeira de cereal e/ou leguminosas: comprenderá ata un importe de cento cincuenta mil euros (150.000 €).

b) Liña de actuación para a construción de tobeiras artificiais en terreos cinexeticamente ordenados: comprenderá ata un importe de cento catorce mil euros (114.000 €).

A repartición anterior aplicarase sen prexuízo de que, unha vez atendidas todas as solicitudes para cada liña de actuación, poida utilizarse o posible orzamento sobrannte nunha delas para atender solicitudes na outra.

3. A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda poderá aumentar o orzamento dispoñible para o financiamento desta orde, cando o incremento derive de:

a) Unha xeración, ampliación ou incorporación de crédito.



b) A existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou a créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo.

c) No suposto previsto no artigo 25.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O incremento do crédito queda condicionado á declaración de dispoñibilidade de crédito como consecuencia das circunstancias antes sinaladas e, de ser o caso, unha vez aprobada a modificación orzamentaria que proceda.

Artigo 23. *Control das actividades subvencionadas*

A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda poderá, en calquera momento, inspeccionar e controlar o destino das axudas e o cumprimento dos fins para os cales foron concedidas. En consecuencia, os servizos da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda poderán facer visitas e inspeccións nos lugares onde se realizasen actividades, mesmo con carácter previo á concesión das axudas, para comprobar a súa adecuación á normativa vixente, así como solicitar, en calquera momento da tramitación do procedemento, canta documentación se considere necesaria para comprobar a adecuada execución das actividades que fosen obxecto das axudas, consonte o establecido no artigo 30.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 24. *Disposicións xerais*

1. O réxime de infraccións e sancións aplicable será o establecido no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como o previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente doutras outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, de acordo co disposto no artigo 17.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. As persoas beneficiarias están obrigadas a someterse ás actuacións de comprobación e control que poidan efectuar os servizos competentes da Vicepresidencia Segunda e



Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, así como a facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas, así como a que lles requira calquera órgano comunitario de inspección ou control, de acordo co establecido no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. Procederá a revogación das axudas concedidas, así como o reintegro total ou parcial das contías percibidas e a exixencia dos xuros de demora, de acordo co establecido no artigo 36 da Lei 9/2007, citada, nos casos e termos previstos no artigo 33 da mesma lei.

Disposición adicional primeira. *Delegación de competencias*

Autorízase expresamente a persoa titular da Dirección Xeral de Patrimonio Natural para actuar por delegación da persoa titular da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para resolver a concesión, denegación, modificación ou outras incidencias das subvencións previstas nesta orde.

Así mesmo, deléganse na persoa titular da Dirección Xeral de Patrimonio Natural as facultades relativas aos procedementos de reintegro sinaladas no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento*

Facúltase a persoa titular da Dirección Xeral de Patrimonio Natural para que dite, no ámbito das súas competencias, as instrucións necesarias para o cumprimento do establecido nesta orde.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 20 de decembro de 2023

Ángeles Vázquez Mejuto
Vicepresidenta segunda e conselleira
de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

CVE-DOG: nz88ghu2-nku3-kzz2-w8q6-eysm1qxbqde9



VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDA

ANEXO I

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DE PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
AXUDAS ECONÓMICAS PARA OS TITULARES DE TERREOS CINEXÉTICOS ORDENADOS, DESTINADAS AO FOMENTO DA RIQUEZA E XESTIÓN DOS RECURSOS CINEXÉTICOS	MT723A	SOLICITUDE

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE								
RAZÓN SOCIAL							NIF	
TIPO	NOME DA VÍA				NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA
PARROQUIA				LUGAR				
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE				
TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	CORREO ELECTRÓNICO						

E NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberase acreditar a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN	
Todas as notificacións ás persoas interesadas se realizarán só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal https://notifica.xunta.gal	
Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365.	
Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de Notifica.gal:	
TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO

DATOS BANCARIOS	
Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.	
TITULAR DA CONTA	NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)
	IBAN

TIPO DE SOLICITANTE		
☐ Corporación local ☐ Sociedade titular de tecor ☐ Agrupación de titulares de tecor (só neste caso cubrir o anexo III)		

DATOS DOS TERREOS CINEXÉTICOS EN QUE SE VAN REALIZAR OS TRABALLOS			
NÚMERO MATRÍCULA	NOME	CONCELLO OU CONCELLOS	SUPERFICIE (ha)

DATOS DO INVESTIMENTO PREVISTO		
INVESTIMENTO	CANTIDADE	IMPORTE SEN IVE
ROZA DE MATOGUEIRA (ha)		
EMENDA E/OU FERTILIZACIÓN (ha)		
GRADADURA (ha)		
SEMENTEIRA (ha)		
TOBEIRAS ARTIFICIAIS (núm.)		



A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que, en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- ☐ Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para o mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención.
- ☐ Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para o mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE

2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

3. Estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ter pendentes de pagamento débedas coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

4. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

5. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

6. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE

☐ Anexo III coa relación de titulares de tecores que solicitan a subvención, no caso de agrupacións de persoas titulares			
☐ Anexo IV sobre a declaración responsable da dispoñibilidade dos terreos			
☐ Acordos dos órganos competentes das entidades solicitantes, polos cales se aproban as accións solicitadas e os compromisos correspondentes			
☐ Acordo dos partícipes para solicitar a subvención, no caso de agrupacións de persoas titulares			
☐ Memoria valorada			
	ÓRGANO	CÓD. PROC.	ANO
☐ Documento acreditativo da representación por calquera medio válido en dereito, no caso de existir			

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓÑOME Á CONSULTA
DNI/NIE da persoa representante	☐
Certificado de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social	☐
Certificado de estar ao día no pagamento das débedas coa Administración pública da Comunidade Autónoma	☐
Autorización do Servizo de Montes consonte o establecido no artigo 60.3 da Lei 7/2012, de montes de Galicia	☐
Consulta de inhabilitacións para obter subvencións e axudas	☐
Consulta de subvencións e axudas	☐
CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.	AUTORIZO A CONSULTA
NIF da entidade solicitante	☐ SI ☐ NON
NIF da entidade representante	☐ SI ☐ NON
Estar ao día no pagamento das obrigas tributarias coa AEAT	☐ SI ☐ NON



INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluíranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos deriva dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigo 6.1, letras c) e e) do RXPd e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e as obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarios dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos procedementos da súa competencia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación e supresión dos seus datos ou retirar, de ser o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 20 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para as persoas titulares de terreos cinexéticos ordenados destinadas ao fomento da riqueza e xestión dos recursos cinexéticos, e se convocan para o ano 2024 (código de procedemento MT723A).

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de Xefatura Territorial da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda de 

ANEXO II

1. Indicacións xerais básicas a que deben axustarse as actuacións de mellora do hábitat cinexético.

A zona do tecor en que se localicen as actuacións deberá ter unha superficie mínima de 30 ha de matogueira.

As actuacións non poderán afectar os hábitats prioritarios. No caso de que as actuacións se pretendan levar a cabo no hábitat 4030-Queirogais secos europeos, estas consistirán exclusivamente na súa roza cando teñan unha altura media superior a 1,5 m e non sexan penetrables, e non se realizará o pase de grade de discos, encalado e a sementeira.

As rozas realizaranse de forma lineal e/ou irregular, dispersas polo terreo en superficies dun máximo de 1 hectárea.

Os restos da roza serán triturados mecanicamente ou, se non é tecnicamente posible, serán amoreados.

Estas rozas deben ir acompañadas da sementeira dun cereal de inverno e/ou dunha leguminosa, nunha porcentaxe mínima do 50 % da superficie total rozada.

A preparación do terreo tras a roza realizarase en superficies continuas de como máximo 2.000 metros cadrados e consistirá nun pase de grade de discos e un encalado coa maior antelación posible á sementeira. A colleita obtida quedará no monte para o seu aproveitamento pola fauna.

As actuacións obxecto de axuda deberán realizarse de tal xeito que se eviten posibles prexuízos tanto á cría da perdiz como a outras especies animais presentes na zona.

As actuacións en terreos incluídos nun espazo natural protexido, segundo a normativa vixente, non poderán ser contraditorias co determinado na norma reguladora que os atinxa e, en todo caso, deberán contar co informe favorable do Servizo Provincial de Patrimonio Natural.

2. Directrices xerais para a construción de tobeiras artificiais.

A construción das tobeiras realízase a partir de materiais naturais que se van superpoñendo en diferentes fases da construción sobre unha estrutura de palés de madeira, con que se obtén unha estrutura circular ou elíptica.



Construiranse con catro pisos de catro ou seis palés cada un, que se colocan directamente sobre o chan sen necesidade de escavación previa.

Os palés serán robustos e cun grosor de polo menos dous centímetros. As dimensións oscilarán entre 110 e 130 cm de lado e deberán estar totalmente pechados na súa parte superior, para evitar que a terra penetre no interior da tobeira (no caso de aberturas moi amplas colocárase sobre eles unha tea de saco para reducir o paso de terra). En ningún caso se empregará material plástico para esta finalidade.

Estas tobeiras terán polo menos dúas entradas para facilitar a introdución dos coellos e a entrada e saída ata que os animais constrúan novas bocas.

As entradas poden ser tubos robustos de PVC ou similar duns 120 cm de lonxitude e dun diámetro interior de polo menos 12 cm, que conecten co interior dalgún dos pisos de palés. Estes tubos colocaranse de maneira que sobresaian uns 30 cm da tobeira (tamén poden deixarse cunha maior lonxitude, por exemplo 50 cm ou máis, para que así non queden cubertos con terra durante a construción); posteriormente, xusto antes da introdución de coellos, procederase a recortar o sobranse. É moi importante que estes tubos estean horizontais e que as entradas se manteñan pechadas durante o proceso de construción e ata a introdución dos coellos.

Ao redor dos palés e a uns 100 cm de distancia dos seus bordos dispórase unha barreira de contención duns 50 cm de altura, constituída por pedras e/ou troncos, para a suxeición dos diferentes materiais que constitúen a tobeira. Esta barreira pode reforzarse coa colocación de troncos que faciliten a suxeición da estrutura.

No referente ao tamaño de construción, é recomendable que o raio maior non sexa moi inferior aos 5 m e o eixe menor (no caso de forma elíptica) sexa de 3 m. A altura inicial deberá ser superior a 1,5 m. As tobeiras situaranse a unha distancia mínima de entre 15-25 m entre elas.

Finalmente e para favorecer a supervivencia dos animais e o asentamento na zona, colocárase unha malla tipo galiñeiro que rodee a tobeira e que impida a saída dos animais durante os primeiros días de solta.



VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDA

ANEXO III

**RELACIÓN DE TITULARES DE TECORES QUE SOLICITAN AS AXUDAS ECONÓMICAS DESTINADAS AO FOMENTO DA RIQUEZA E
XESTIÓN DOS RECURSOS CINEXÉTICOS**
(achegaranse tantas follas como se precise)NÚMERO DE ENTIDADES SOLICITANTES: **DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE 1**RAZÓN SOCIAL NIF TIPO NOME DA VÍA NÚM. BLOQ. ANDAR PORTA PARROQUIA LUGAR CÓDIGO POSTAL PROVINCIA CONCELLO LOCALIDADE TELÉFONO 1 TELÉFONO 2 CORREO ELECTRÓNICO **E NA SÚA REPRESENTACIÓN** (deberase acreditar a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)NOME/RAZÓN SOCIAL PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF **DATOS DOS TERREOS CINEXÉTICOS EN QUE SE VAN REALIZAR OS TRABALLOS**

NÚMERO MATRÍCULA	NOME	CONCELLO	SUPERFICIE (ha)

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluíranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigo 6.1, letras c) e e), do RXP, e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e as obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarios dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos procedementos da súa competencia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación e supresión dos seus datos ou retirar, de ser o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de Xefatura Territorial da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda de 

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDA

ANEXO IV

DECLARACIÓN RESPONSABLE DA DISPOÑIBILIDADE DOS TERREOS

(no caso de agrupacións de titulares de terreos cinexéticos ordenados, achegarase un anexo por cada unha das persoas solicitantes)

MT723A - AXUDAS ECONÓMICAS PARA OS TITULARES DE TERREOS CINEXÉTICOS ORDENADOS, DESTINADAS AO FOMENTO DA RIQUEZA E XESTIÓN DOS RECURSOS CINEXÉTICOS

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL

NIF

E NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberase acreditar a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que conta coa autorización dos propietarios que se relacionan neste documento para a realización das actuacións que se describen a seguir:

DATOS CATASTRAIS			PROPIETARIO/A	ACTUACIÓN PREVISTA	SUPERFICIE OBXECTO DE ACTUACIÓN (ha)
POLÍGONO	PARCELA	SUP. (ha)			

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de Xefatura Territorial da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda de 

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDA

ANEXO V

XUSTIFICACIÓN E SOLICITUDE DE PAGAMENTO

MT723A - AXUDAS ECONÓMICAS PARA OS TITULARES DE TERREOS CINEXÉTICOS ORDENADOS, DESTINADAS AO FOMENTO DA RIQUEZA E XESTIÓN DOS RECURSOS CINEXÉTICOS

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL

NIF

E NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberase acreditar a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

- ☐ Declaración responsable do conxunto das axudas solicitadas segundo o modelo do anexo VII.
- ☐ Memoria xustificativa das actuacións segundo o modelo do anexo VI da orde.
- ☐ Relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade segundo o modelo do anexo VI.
- ☐ Xustificantes do investimento, copia das facturas correspondentes aos investimentos subvencionados, emitidas dentro do período comprendido entre a data de inicio e a data límite de xustificación.
- ☐ Xustificantes do pagamento: copia da transferencia bancaria, certificación bancaria ou extracto de pagamento.
- ☐ Declaración responsable da dispoñibilidade dos terreos para a realización das actuacións, segundo o modelo do anexo IV.
- ☐ Documentación xustificativa de cumprir coas obrigas das persoas beneficiarias establecidas no artigo 19, punto 1.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de

Xefatura Territorial da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda de

XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDA

ANEXO VI

MEMORIA XUSTIFICATIVA DAS ACTUACIÓNS, RELACIÓN DE GASTOS E INVESTIMENTOS

MT723A - AXUDAS ECONÓMICAS PARA OS TITULARES DE TERREOS CINEXÉTICOS ORDENADOS, DESTINADAS AO FOMENTO DA RIQUEZA E XESTIÓN DOS RECURSOS CINEXÉTICOS

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL

NIF

E NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberase acreditar a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

RESUMO DAS ACTUACIÓNS APROBADAS E REALIZADAS

CONCEPTO SUBVENCIONADO	UNIDADES APROBADAS (ha ou uds.)	CONTÍA DA SUBVENCIÓN APROBADA	UNIDADE REALIZADAS E XUSTIFICADAS	IMPORTE DO INVESTIMENTO REALIZADO E XUSTIFICADO
ROZA DE MATOGUEIRA (ha)				
EMENDA E/OU FERTILIZACIÓN (ha)				
GRADADURA (ha)				
SEMENTEIRA (ha)				
TOBEIRAS ARTIFICIAIS (núm.)				

Estas actuacións foron realizadas cumprindo as condicións impostas no anexo II da orde reguladora das axudas.

RELACIÓN DE GASTOS E INVESTIMENTOS

GASTO/INVESTIMENTO	TIPO DE DOCUMENTO XUSTIFICATIVO	NÚM. DE DOCUMENTO	DATA DE EMISIÓN	ACREDOR	IMPORTE	DATA DE PAGAMENTO

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de

Xefatura Territorial da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda de



VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDA

ANEXO VII

DECLARACIÓN RESPONSABLE

MT723A - AXUDAS ECONÓMICAS PARA OS TITULARES DE TERREOS CINEXÉTICOS ORDENADOS, DESTINADAS AO FOMENTO DA RIQUEZA E XESTIÓN DOS RECURSOS CINEXÉTICOS

DECLARACIÓN EN RELACIÓN COA AXUDA SOLICITADA AO ABEIRO DA ORDE POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS DAS AXUDAS ECONÓMICAS PARA OS TITULARES DE TERREOS CINEXÉTICOS ORDENADOS, DESTINADAS AO FOMENTO DA RIQUEZA E XESTIÓN DOS RECURSOS CINEXÉTICOS, E SE CONVOCAN PARA O ANO 2024.

D/Dª con DNI declara como solicitante ou representante da entidade con NIF que:

- ☐ Non se solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para o mesmo proxecto e conceptos para os cales se solicitou esta subvención.
- ☐ Si se solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para o mesmo proxecto e conceptos para os cales se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	ANO	DISPOSICIÓN REGULADORA	IMPORTE

- ☐ Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- ☐ Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- ☐ Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de Xefatura Territorial da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda de 

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDA

ANEXO VIII

SOLICITUDE DE ANTICIPO

MT723A - AXUDAS ECONÓMICAS PARA OS TITULARES DE TERREOS CINEXÉTICOS ORDENADOS, DESTINADAS AO FOMENTO DA RIQUEZA E XESTIÓN DOS RECURSOS CINEXÉTICOS

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL

NIF

E NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberase acreditar a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

SOLICITA

Que lle sexa concedido un anticipo da subvención outorgada polo importe mencionado a seguir, conforme o establecido na base vixésimo primeira da convocatoria de axudas en réxime de concorrencia competitiva para os titulares de terreos cinexéticos ordenados destinadas ao fomento da riqueza e xestión dos recursos cinexéticos, e se convocan para o ano 2024.

- Axuda concedida: €

- Importe anticipo solicitado: € (o importe do anticipo non poderá superar o 50 % da axuda concedida)

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA

Que a/s entidade/s que representa non está/n incurso/s en ningunha das circunstancias sinaladas no parágrafo 3º do artigo 31.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

- ☐ Non se solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para o mesmo proxecto e conceptos para os cales se solicitou esta subvención.
- ☐ Si se solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para o mesmo proxecto e conceptos para os cales se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	ANO	DISPOSICIÓN REGULADORA	IMPORTE

SIGNATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

, de de de

Xefatura Territorial da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda de

XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>